

ORGANIZA



1ª CARREIRA E ANDAINA SOLIDARIA CAMIÑANDO POLO DANO CEREBRAL

DOMINGO 18 DE SETEMBRO 2022 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. PRESENTACIÓN:

A **Federación Galega de Dano Cerebral - FEGADACE** (constituída polas cinco asociacións galegas de dano cerebral adquirido (ADACECO Coruña, ADACE Lugo, ALENTOS Vigo, RENACER Ourense e SARELA en Santiago) ca colaboración de **Sociedade Deportiva Compostela-Tambre-Lengüelle** e **Centro ETP-Encuentra tu Potencial**, a **Federación Galega de Atletismo** e **Concello de Santiago de Compostela**, organizan a 1ª Carreira e Andaina Solidaria Camiñando polo Dano Cerebral de Santiago de Compostela.

As dúas modalidades do evento celebraránse o domingo, 18 de setembro de 2022 a partir das 10:00 h nun circuíto con saída e meta na zona do Campus Sur e da Alameda de Santiago de Compostela. Tamén haberá carreiras escolares con circuítos independentes.

2. PARTICIPANTES:

Nestas probas poderá participar calquera deportista sexa ou non federado. Todos os participantes **tanto nas carreiras como na andaina** (e independentemente da idade) deberán estar inscritos no prazo preciso, e participarán cunha licenza de día que incluíra un seguro de accidentes deportivos e de responsabilidade civil. Os deportistas federados polo deporte do atletismo estarán cubertos polo seguro da súa correspondente licenza. Este percorrido é accesible para persoas con mobilidade reducida.

2.1 - Na modalidade CARREIRA ABSOLUTA (5QM aprox) poderán participar todas aquelas persoas que sexan maiores de 16 anos (o día da proba), federadas ou non federadas. As persoas menores de 16 poderán participar nas **categorías escolares** (circuítos de 2500 Mts, 500 Mts, 250Mts e 100Mts), en todos os casos, deberán estar inscritas nos prazos e formas establecidos a tal efecto, publicados na páxina de inscrición: www.carreirasgalegas.com

2.2 - Na modalidade ANDAINA (5 QM aproximadamente) poderán participar todas aquelas persoas maiores de 16 anos (o día da proba) que o desexen, os menores de 16 anos sempre que vaian acompañados dun adulto/a responsable, e que estean tamén inscritas nos prazos e formas establecidos a tal efecto, publicados na páxina de inscrición: www.carreirasgalegas.com.

3. INSCRICIÓNS, PRAZOS E PREZOS:

* Plataforma de inscricións:	www.carreirasgalegas.com
* Peche de inscrición:	Xoves 15 de setembro ás 23:59 h
* Prezo Carreira 5QM:	8 €
* Prezo Carreira Sub14/Sub16:	4 €
* Prezo Andaina:	5 €
* Carreiras Escolares Sub12 ata Chupete:	De balde
* Dorsal Cero:	Doazón voluntaria

O diñeiro da inscrición (descontados os gastos de seguro) serán destinados a FEGADACE para o desenvolvemento da súa acción e misión orientada a mellorar a calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido (Máis información en: www.fegadace.org).

4. HORARIOS, SAÍDAS E METAS:

O evento comezará as **09:15** h ca apertura das mesas de dorsais e do servizo de gardarroupa, xunto coa posta en marcha do servizo de animación e sonorización do evento.

4.1. Modalidade Carreira 5QM:

Inicio ás **10:00** h con saída e meta no arco situado fronte ao monumento Manuel Ventura Figueroa, na Avenida Raimundo Ibáñez no Campus Sur.

A entrega de trofeos levarase a cabo no podio situado preto da zona de meta xusto antes da saída da andaina (10:55 h aproximadamente).

4.2. Modalidade Andaina:

Inicio aproximadamente as **11:00** hs (xusto despois da entrega de premios das carreiras), con saída e meta no arco situado fronte ao monumento Manuel Ventura Figueroa, na Avenida Raimundo Ibáñez no Campus Sur.

4.2. Modalidade Carreiras Escolares:

Atletas **Sub 14/Sub 16** (anos de nacemento 2010/2009/2008/2007):

Tomarán a saída as **10:45** h dende o arco de saída/meta e correrán 1 volta ao percorrido da alameda (aprox 2500 mts). Esta carreira estará cronometrada e terá podio en cada unha das súas categorías de forma independente.

Atletas **Sub 12/Sub 10** (anos de nacemento 2013/2014/2012/2011):

Tomarán a saída as **11:10** h (inmediatamente despois da saída da andaina) e correrán facendo 2 voltas á fonte do Campus Vida (aprox 500 mts).

Atletas **Sub 8** (anos de nacemento 2015/2016):

Tomarán a saída as **11:20** h aproximadamente inmediatamente despois da saída dos Sub12/Sub10) e correrán facendo 1 volta á fonte do Campus Vida (aprox 250 mts).

Atletas **Chupete** (anos de nacemento 2017 en adiante):

Tomarán a saída as **11:25** h aproximadamente (inmediatamente despois da saída dos Sub8) e correrán facendo 100 mts aprox. dende arco de Fegadace ata arco hinchable da Federación Galega de Atletismo.

NOTA: Os horarios **son estimativos**, polo que o propio día da carreira haberá que estar pendiente da megafonía ante posibles e pequenas modificacións.

5. DISTANCIAS E PERCORRIDOS DOS CIRCUÍTOS:

Tanto a carreira como a andaina terán a saída e a meta no mesmo arco.

5.1. CARREIRA 5QM / ANDAINA

O percorrido será pola zona da Alameda e a entrada do Campus Sur (ver mapa circuíto A) , e consta de **DÚAS VOLTAS** ao circuíto, sumando 5QM aproximadamente.

A cronometraxe realizarase mediante un sistema de chip-dorsal.

Os dorsais son persoais e intransferibles e han de ir colocados na parte anterior do corpo de forma totalmente visible, sen dobreces, e así deberán levarse durante toda a proba. O incumprimento deste artigo poderá ser motivo de descualificación.

5.2. CARREIRAS ESCOLARES

Sub14/Sub16 (nados 2010/2009/2008/2007) farán o percorrido da carreira 5QM (que transcorrerá pola zona da Alameda e a entrada ao Campus Sur) pero dando **UNHA VOLTA** ao **circuíto A**, sumando un total de 2500 metros aproximadamente. Esta proba estará cronometrada.

Sub12/Sub10 (nados 2011/2012/2013/2014) farán **DÚAS VOLTAS** ao **circuíto B** (ver mapa) arredor da fonte Campus Vida, facendo un percorrido de aproximadamente 500 metros (proba non cronometrada).

Sub 8 (nados 2015/2016) farán **UNHA VOLTA** ao **circuíto B** (ver mapa) arredor da fonte Campus Vida, facendo un percorrido de aproximadamente 250 metros (proba non cronometrada).

Chupetes (nados 2017 e posteriores) farán o percorrido do **circuíto C** (ver mapa) ao carón da fonte Campus Vida, facendo un total de aproximadamente 100 mts (proba non cronometrada)

MAPA CIRCUÍTO A



MAPA CIRCUÍTO B



MAPA CIRCUÍTO C



6. RECOLLIDA DE DORSAIS

A entrega de dorsais realizarase na sede de Clínica Médica E-Saúde en Alfredo Brañas nº27, Santiago de Compostela nos seguintes días e horarios:

- Sábado 17 de setembro de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas

De xeito excepcional, permitirase a recollida dos dorsais na secretaría da competición situada na zona de meta/saída o mesmo día da carreira, entre as 9:15 e as 9:45 horas.

7. PROTOCOLO COVID-19

Será de obrigatorio cumprimento o protocolo Covid vixente o día da proba, feito que será comunicado en tempo e forma a todos/as os/as participantes.

8. PREMIOS E AGASALLOS:

Entregarase xunto co dorsal unha camiseta conmemorativa a todos/as os/as participantes maiores de 16 anos tanto da andaina como da carreira absoluta 5QM. Os participantes da carreira escolar SUB14/SUB16 tamén levarán camiseta.

Os menores de que participan nas carreiras Sub12/Sub10, Sub8 e Chupete levarán un agasallo, o mesmo que os menores de 16 anos que participan da andaina.

Haberá entrega de TROFEOS elaborados por persoas usuarias das asociacións de FEGADACE para os tres primeiros e as tres primeiras en completar a carreira 5QM. Tamén haberá premio para atletas Sub14 e Sub 16 o tratarse de carreiras cronometradas.

A cerimonia de premiación levaráse a cabo ás 10:55 aproximadamente, preto da zona de saída/meta (minutos antes da saída da andaina).

9. AVITUALLAMENTO:

Haberá avituallamento líquido e sólido para todos/as os/as participantes (tanto da carreira como da andaina) no seu paso pola liña de meta.

10. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Esta proba pertence ao calendario oficial de probas da Federación Galega de Atletismo.

As reclamacións aos resultados oficiais realizaranse ao Xuiz Árbitro da Competición non máis tarde de 30' despois da publicación dos mesmos.

Todo o non recollido no presente reglamento rexirase polas normas da FGA, RFEA e IAAF para probas de atletismo en ruta da FGA.

RESPONSABILIDADE:

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o participante declara, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

11. LOPD

Todos os corredores, incluídos menores de idade, ao realizaren a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e da súa imaxe nas clasificacións, nos medios de comunicación e en internet.

NOTAS:

A organización resérvase o dereito de modificación do presente reglamento ata o día de peche de inscricións.

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de Trail running. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.

Todo participante, polo xeito de inscribirse, permite que as imaxes, vídeos e entrevistas realizadas pola organización poidan publicarse nas RRSS e páxinas webs oficiais.